

ADDENDA ao Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Deputación Provincial de Ourense relativo á utilización de determinadas instalacións e servizos da residencia xuvenil Florentino López Cuevillas e para a promoción da práctica de actividades deportivas entre a xuventude

REUNIDOS

Dunha parte, Don José López Campos, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, para o que foi nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean as persoas titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por Resolución de 8 de abril de 1991 (Diario Oficial de Galicia nº82, do 30 de abril de 1991), e de conformidade co establecido no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

E doutra parte, Don Luis Menor Pérez, presidente da Deputación Provincial de Ourense, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e que mutuamente se recoñecen.

MANIFESTAN

1. Que con data 21 de outubro de 2024, as partes asinaron un Convenio de Colaboración con obxecto da utilización de determinadas instalacións e servizos da residencia xuvenil Florentino López Cuevillas e para a promoción da práctica de actividades deportivas entre a mocidade, acollendo na devandita residencia a un máximo de cinco (5) deportistas en réxime de aloxamento e mantenza e gozando dos mesmos servizos que as demais persoas residentes.
2. Que a cláusula oitava do convenio establece unha vixencia dun curso académico (desde o día seguinte da firma ata o 31 de xullo de 2025).
3. Que ambas as partes, de común acordo, consideran conveniente suscribir a seguinte addenda de modificación nos seguintes termos:



ACORDAN:

Primeiro. Modificar a cláusula quinta do convenio de colaboración que queda redactada como segue:

As persoas deportistas seleccionadas deberán depositar ao igual que o resto das persoas residentes e bolseiras de prazas en residencias xuvenís dependentes da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude unha mensualidade en concepto de reserva que se lle devolverá ao finalizar a estancia.

Segundo.-Modificar a cláusula oitava do convenio de colaboración que queda redactada como segue:

A vixencia do presente convenio será dende o día seguinte da súa sinatura ata o remate do segundo dos cursos académicos que abrangue (2026/27).

Terceiro.- O resto de cláusulas do convenio orixinal manteranse vixentes en todos os seus termos, sen que a presente addenda supoña modificación de ningún outro aspecto do mesmo.

En proba de conformidade, asinan a presente addenda no lugar e data da sinatura dixital

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

O presidente da Deputación Provincial de Ourense

José López Campos

Luís Menor Pérez

